

MetamorfoseS

Onde chegaremos coa tecnoloxía?

O último espectáculo que Xerpo estreada o 4 de decembro é un espectáculo no que tratamos de espertar no público o interrogante de: ata onde chegará a tecnoloxía? ou mellor; ata onde chegaremos nós na relación coa tecnoloxía?

Para iso inspirámonos nun clásico da literatura universal, A Metamorfose de Kafka, e nun profundo estudo dramaturxico do mesmo para situar a un Gregor Samsa futuro nunha contorna que non variou moito, o mundo segue igual e el, coma os grandes e descoñecidos xenios, traballa nun proxecto que pode cambiar a concepción que o ser humano ten de VIDA.

Gregor Samsa é un programador que traballa para unha empresa que abusa dos seus servizos, é un mileurista do que depende toda a súa familia e, no seu tempo libre, traballa nun emulador do pensamento humano que, en teoría, sería capaz de reproducir o pensamento dunha persoa concreta. A falla de financiamento e a curiosidade lévano a probar nas súas carnes a técnica. Así comeza unha obra na que o “monstruoso insecto” da Metamorfose orixinal vese convertido nun insecto social, un incomprendido, un inadaptado.

A compañía de teatro Xerpo, con Irene Moreira e Álex Sobrino ao fronte, é compañía residente na Sala Ingrávida do Porriño e ten feito outros espectáculos como “Salpicados”, “Mac... Yes, we can”, ou “MORGUE”, ademais duns poucos espectáculos de divulgación científica coma “Antibióticos”, “Señor Azul” ou “C3M”. Para este espectáculo contan ademais con Diego Valeiras para o vestuario e coa supervisión de Mariana Carballal.

